

Escanea o código para saber máis sobre as probas AXS!



Avaliación xeral do sistema



BLOG



in



# Avaliación xeral do sistema (AXS)

## 1. Que é a AXS 2026?

A Avaliación xeral do sistema, introducida pola LOMLOE ao remate da Educación Primaria e da Educación Secundaria Obrigatoria, aplicarase no ano 2026 ao finalizar a etapa de Educación Primaria.

Coordínase desde o Instituto Nacional de Avaliación Educativa en colaboración coas comunidades autónomas.

A Conferencia Sectorial velará para que se realice con criterios de homoxeneidade.



## 2. Como se desenvolve?

Durante a xornada de aplicación, o alumnado realizará a proba de tres competencias (40 minutos cada sesión) e responderá o cuestionario de contexto.



**Probas de competencias clave:**

- Comunicación lingüística
- Plurilingüe
- STEM
- Dixital

**Cuestionarios sobre o contexto educativo dirixidos a:**

- Alumnado
- Familias do alumnado seleccionado
- Directores e directoras dos centros seleccionados
- Profesorado de 6.º EP e profesorado especializado en atención á diversidade

## 3. Cal é o seu obxectivo?

Informar sobre o sistema educativo co fin de adoptar medidas para a súa mellora e orientar a comunidade educativa.



## 4. Cando se realiza?

Entre o **7 de abril** e o **29 de maio de 2026**.

Terá periodicidade plurianual.

En 2023 e 2025 realizáronse dous estudos piloto.



## 5. Quen participa?

Unha selección de 50 centros de cada unha das comunidades autónomas que, no seu conxunto, constitúen unha mostra representativa do alumnado de **6.º de Educación Primaria** das comunidades autónomas e do Estado.

Das cidades autónomas de Ceuta e Melilla participan todos os centros educativos.

